




Na cantina de San Xusto. 1960-1962



Sen título. 1960-1965

Francisco Sandiás Delgado «Pancho» La Habana, 1927

MEMORIA DAS PEQUENAS COUSAS

Entre os creadores da memoria gráfica do Barco, que fomos presentando en anteriores edicións do OF, faltaba Francisco Sandiás Delgado «Pancho» (La Habana, 1927). A exposición recolle imaxes tomadas en Valdeorras entre 1960 e 1980, os vinte anos que marcan a grande transición da fotografía, a súa apertura cara o uso social universalizado do presente.

Pancho é fotógrafo nas horas libres que lle deixa o seu traballo de metalúrxico. De formación autodidacta, a través dun curso por correspondencia, ten o seu centro de gravidade nas Casas Baratas-San Roque, barrio obreiro de nova creación e con grande dinamismo social naquela altura. Escenas da vida e das pequenas cousas, do traballo, dos nenos, de celebracións e dos ambientes máis íntimos e familiares compoñen esta escolma que reflicte con rotundidade o cambio social producido nestas dúas decisivas décadas.